



O alcalde do Concello de Verín, Juan Manuel Jiménez Morán, e o director de área de negocio de 'La Caixa' en Ourense, Julio Armada, subscribiron un acordo polo que a Obra Social da entidade financeira sumarase á iniciativa municipal do Banco de Roupas e Alimentos, cunha achega económica de 7.000 euros. A finalidade do Banco Municipal de Roupas e Alimentos é prover ás persoas en situación de urxencia social da localidade, unha axuda inmediata para paliar as necesidades máis básicas, como calzado, roupa, alimentos, complementos infantís e para recentemente nados, xoguetes, libros ou contos infantís; co obxectivo de evitar as situacións de pobreza e marxinação de residentes no termo municipal de Verín. Grupos de voluntarios e traballadores sociais do consistorio encargaranse da recepción, preparación (lavado, reparación e clasificación) e entrega dos efectos, cuxos destinatarios deberán ser avaliados previamente polos Servizos Sociais do Concello de Verín.